

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe definitiva de centros admitidos no programa de sobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat -Bachibac- para o curso 2017/18.

Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de sobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat –Bachibac– en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18.

Finalizado o procedemento establecido na citada resolución, procédese a facer pública a relación de centros autorizados para a incorporación do programa Bachibac para o curso 2017/18, segundo o disposto na cláusula décimo segunda.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLVE:

Primeira. Autorizar os centros autorizados que se relacionan no anexo desta resolución para a incorporación do programa Bachibac.

Segunda. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



ANEXO

Centros incorporados ao programa Bachibac

Código centro	Nome do centro	Localidade	Provincia
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	A Coruña

CVE-DOG: zo7lqeg6-qge7-4p76-r7z0-jkqm5mx1fcn8

XUNTA
DE GALICIAISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>